

**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

JD: 288

Expediente nº: 1/99.

**RESOLUCIÓN**

**PRESIDENTE EN FUNCIONS:**

Don Emilio Sánchez Coto.

**VOCAIS:**

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

**SECRETARIO:**

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 1/99 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte «DE GILFONSO ou CABALAR», no concello de ALFOZ, iniciado por acordo do Xurado coa data do 9 de decembro de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON JOSÉ ANTONIO ILLÁN TORRÓN, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 4 de xaneiro de 1999), iniciouse o expediente número 1/99 (por instancia de DON JOSÉ RATOEIRA BALSEIRO e DON HORACIO DÍAZ CABANAS, veciños da parroquia do PEREIRO, concello de ALFOZ <<monte «DE GILFONSO ou CABALAR»>>, comprendido dentro do expediente de investigación previa (carpeta-ficha), dos montes «MAIOR e COSTA DA RIBEIRA»), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

**SEGUNDO:** Coa data do 4 de xaneiro de 1999, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se os montes de referencia figuran incluídos ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

**TERCEIRO:** Coa data do 21 de xaneiro de 1999, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que os montes "**MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**", non figuran incluídos no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**CUARTO:** Coa data do 5 de febreiro de 1999 (registro de saída número 15.296, do mesmo día, mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONDOÑEDO** os documentos seguintes: 1º) certificacións dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO:** Coa data do 2 de marzo de 1999, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONDOÑEDO**, na que se fai constar que non figura inscrito nese Rexistro ningún predio coa denominación que se expresa na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de **LUGO**.

**SEXTO:** Coa data do 22 de marzo de 1999 (registro de saída número 36.441, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONDOÑEDO** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**SÉTIMO:** Coa data do 22 de marzo de 1999 (registros de saída números 36.445 e 36.446, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello de **ALFOZ** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

**OITAVO:** Coa data do 22 de marzo de 1999 (registro de saída número 36.450, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ RATOEIRA BALSEIRO**, con domicilio na parroquia do **PEREIRO**, concello de **ALFOZ**, a iniciación do expediente.

**NOVENO:** Coa data do 22 de marzo de 1999 (registro de saída número 36.452, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle a **DON MANUEL OTERO PEDREIRA**, veciño do lugar de **RUBEIRO**, parroquia do **PEREIRO**, concello de **ALFOZ**, a iniciación do expediente (coa data do 16 de setembro de 1998 <registro de entrada número 98/133.562>, recibíuse escrito asinado polo mesmo e outros dous veciños, no que manifestan que no seu propio nome e dereito, e, en representación de 12 máis, manifestan que enterados de que outras persoas pretenden solicitar a

clasificación do «MONTE DE GILFONSO ou CABALAR», como veciñal en man común, opóñense á mesma por estimar non reúne as condicións esixidas pola Lei e considerar que é de propiedade privada). Xunta fotocopias de algunhas divisións e adxudicacións de parcelas, e fotocopia do plano parcelario dos montes partidos da parroquia.

**DÉCIMO:** Coa data do 22 de marzo de 1999 (registro de saída número 36.458, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 22 de marzo de 1999 (registro de saída número 37.663, do día 23 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DÉCIMO SEGUNDO:** Coa data do 24 de marzo de 1999 (registro de saída número 38.714, do día 25 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia do **PEREIRO**, concello de **ALFOZ**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente dos montes «**MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**», (con voz pero sen voto).

**DÉCIMO TERCEIRO:** Coa data do 5 de abril de 1999, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONDOÑEDO**, na que se fai constar a **ANOTACIÓN PREVENTIVA** feita polo mesmo (tomo 628 do arquivo, libro 49 do concello de **ALFOZ**, folio 103, predio 7.716, anotación letra A).

**DÉCIMO CUARTO:** Coa data do 12 de abril de 1999, (registro de entrada número 99/62.778), recibíuse escrito asinado por **DON JOSÉ RATOEIRA BALSEIRO** e **DON HORACIO DÍAZ CABANAS** (solicitantes da clasificación), veciños da parroquia do **PEREIRO**, concello de **ALFOZ**, no que ratifican a súa solicitude de clasificación como veciñal en man común do monte «**DE GUILFONSO ou CABALAR**» e que o resto dos montes ubicados na parroquia do **PEREIRO** non reúnen a condición de veciñais en man común, por estar parcelados desde o 23 de maio de 1958. Na documentación presentada coa solicitude de clasificación figura fotocopia dunha sentenza da Audiencia Territorial da **CORUÑA** coa data do 25 de outubro de 1965, na que o **FALLO SEGUNDO** di o seguinte: «**Que los MONTES DE LA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE PEREIRO, del MUNICIPIO DE ALFOZ; que se comprenden dentro del perímetro delimitado en el hecho cuarto de la demanda, pertenecen en propiedad a los vecinos de dicha parroquia...>>». Esta sentenza foi confirmada por resolución do Tribunal Supremo coa data do 3 de febreiro de 1968 da que tamén se xuntan as fotocopias correspondentes.**

**DÉCIMO QUINTO:** Coa data do 12 de abril de 1999, comparece no expediente **DONA AMANDA FERREIRO CAO**, veciña de **LUGO**, manifesta que é parte interesada e informa que os montes da parroquia do **PEREIRO** (agás os «**DE GILFONSO**»), están todos divididos e aproveitados individualmente, escriturados e algúns incritos no Rexistro da Propiedade.

**DÉCIMO SEXTO:** Coa data do 15 de abril de 1999 (rexistro de entrada número 1.999/66), recibíuse escrito asinado polo alcalde do concello de **ALFOZ**, **DON ANTONIO GÓMEZ RIGUEIRA**, no que fai constar que o monte «**DE GILFONSO ou CABALAR**», cunha superficie de 228 hectáreas, 78 áreas e 73 centiáreas, comprende unha parte dos chamados «**MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**». Informa favorablemente para clasificar como veciñal en man común o monte «**DE GILFONSO ou CABALAR**» e informa desfavorablemente a clasificación do resto dos montes, por ter coñecemento da división e partición feita no ano 1958 polo que estima teñen carácter de propiedade privada.

**DÉCIMO SÉTIMO:** Coa data do 20 de abril de 1999 (rexistro de entrada número 99/70.921), recibíuse escrito asinado por **DON PEDRO VAL SELJAS e 9 persoas máis**, veciños dos concellos de **ALFOZ** e do **VALADOURO**, no que din ser propietarios de varios predios ubicados no monte «**MAIOR**» e que se opoñen á clasificación dos mesmos como veciñais en man común. Xunta fotocopias de varias escrituras, testamentos e contrato de cesión de dereitos para a instalación, mantemento e operación de aeroxeneradores e instalacións auxiliares. Tamén xunta copia auténtica do croquis acotado feito polo perito agrícola **DON ANTONIO MANDIA PRIETO** que figura nos autos do pleito seguido perante o Xulgado de Primeira Instancia número un de **MONDOÑEDO** e no que manifesta se baseou a sentenza dictada pola Audiencia Territorial da **CORUÑA**.

**DÉCIMO OITAVO:** Coa data do 20 de abril de 1999 (rexistro de entrada número 99/70.924), recibíuse escrito asinado por **DON SEGISMUNDO HERMIDA INSOA**, veciño da parroquia do **CADRAMÓN**, concello do **VALADOURO**, no que manifesta é propietario xuntamente coa súa dona, dunha finca rústica situada no concello do **VALADOURO** colindante co monte dos veciños da parroquia do **PEREIRO**, concello de **ALFOZ**. A liña divisoria está perfectamente determinada polo croquis acotado confeccionado e suscrito polo perito agrícola **DON ANTONIO MANDIA PRIETO** no ano 1962, que se atopa unido ós autos do pleito que os veciños da parroquia do **PEREIRO** sostiveron con **DON JUAN SELJAS FERNÁNDEZ** (a sentenza deste pleito atópase unida ó expediente en trámites). Pide que de clasificarse o monte da parroquia do **PEREIRO** se exclúa da clasificación o predio da súa propiedade.

**DÉCIMO NOVENO:** Coa data do 20 de abril de 1999 (rexistro de entrada número 99/70.925), recibíuse escrito asinado por **DON JOSÉ PERNAS CABANAS e 2 máis**, veciños dos concellos de **ABADÍN** e **ALFOZ**, no que manifestan que son propietarios dun predio ubicado na parroquia de **LABRADA**, concello de **ABADÍN**, colindante no lindeiro norte co monte dos veciños

da parroquia do **PEREIRO**, concello de **ABADÍN**. Solicitan que de levarse a cabo a clasificación dos montes da parroquia de **PEREIRO**, se exclúa da clasificación o predio da súa propiedade. Xunta plano parcelario levantado polo perito agrícola **DON RAMÓN FERNÁNDEZ GACIO** no ano 1990, no que se comprenden as tres parcelas nas que foi dividida a finca matriz.

**VIXÉSIMO:** Coa data do 20 de abril de 1999 (registro de entrada número 99/70.928), recibíuse escrito asinado por **DON JOSÉ RAMÓN VEIGA OROL**, veciño da parroquia de **FERREIRA**, concello do **VALADOURO**, no que manifesta que é propietario de dous predios ubicados na parroquia do **PEREIRO**, concello de **ALFOZ** e pide que se deixen excluídos do monte que se pretende clasificar. (está en posesión de varias escrituras de compravenda e testamentos).

**VIXÉSIMO PRIMEIRO:** Coa data do 21 de abril de 1999 (registro de entrada número 72.630), recibíuse escrito asinado por varios veciños da parroquia do **PEREIRO**, concello de **ALFOZ** e outros lugares, no que manifestan son propietarios de parcelas nos montes chamados «**MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**», opoñéndose á clasificación destes por estar divididos entre os veciños coa data do 28 de maio de 1958. Xuntan fotocopias de varias compravendas e divisións feitas nos montes citados.

**VIXÉSIMO SEGUNDO:** Coa data do 22 de abril de 1999, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 76, páxinas 4.798 e 4.799, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación dos montes «**MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**».

**VIXÉSIMO TERCEIRO:** Coa data do 10 de maio de 1999 (registro de entrada número 99/83.922), recibíuse certificación do concello de **ALFOZ**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello e nos lugares de costume da parroquia, durante o prazo de 30 días (desde o 26 de marzo ó 26 de abril de 1999).

**VIXÉSIMO CUARTO:** Coa data do 21 de maio de 1999 (registro de entrada número 99/91.746), recibíuse escrito asinado por varios veciños da parroquia do **PEREIRO** e doutros lugares, propietarios de casas vivenda e lugares acasarados ubicados na devandita parroquia, no que manifestan que o monte «**DE GUILFONSO ou CABALAR**», é da mesma condición e carácter que o resto do monte do que forma parte: «**MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**». Os asinantes así o consideran e así o posúen como de propiedade particular, inda que en abertal e disfrutando comunalmente do mesmo para o pasto do gando vacún, cabalar e ovídeo, de natureza salvaxe, que vive en estabulación libre todo o ano e que se marca nos curros coas sinais de cada propietario. Estiman non reúne as condicións de monte veciñal en man común, senón de propiedade particular de tódolos veciños do **PEREIRO**.

**VIXÉSIMO QUINTO:** Non se recibiu ningunha comunicación da comunidade de veciños implicada no procedemento, na que debían nomear dous representantes para asistir como vocais ás reunións do Xurado.

**VIXÉSIMO SEXTO:** Coa data do 26 de outubro de 1999 (rexistros de saída números 141.535, 141.536, 141.538, 141.539, 141.541, 141.543, 141.546 e 141.549, do mesmo día, mes e ano), remitíronse escritos relativos ó trámite de audiencia a **DON MANUEL OTERO PEDREIRA, DON JOSÉ RATOEIRA BALSEIRO, DONA AMANDA FERREIRO CAO, DON ANTONIO GÓMEZ RIGUEIRA, DON PEDRO VAL SEIJAS, DON SEGISMUNDO HERMIDA INSOA, DON JOSÉ PERNAS CABANAS e DON JOSE RAMÓN VEIGA OROL**, todos eles interesados no expediente.

**VIXÉSIMO SÉTIMO:** Coa data do 29 de outubro de 1999, comparece dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, **DONA AMANDA FERREIRO CAO**, que se ratifica nas manifestacións feitas na súa comparecencia do 12 de abril de 1999 (antecedente de feito **DÉCIMO QUINTO**) e informa que a zona que se pretende clasificar non afecta ás súas propiedades ubicadas nas parcelas dos montes **«COSTAS DA RIBEIRA e MONTE MAIOR»**.

**VIXÉSIMO OITAVO:** Coa data do 29 de outubro de 1999, comparecen dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, **DON JOSÉ RATOEIRA BALSEIRO e DON HORACIO DÍAZ CABANAS**, que se ratifican na súa solicitude de clasificación como veciñal en man común (antecedentes de feito **PRIMEIRO e DÉCIMO CUARTO**).

**VIXÉSIMO NOVENO:** Coa data do 3 de novembro de 1999, comparece dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, **DON PEDRO VAL SEIJAS**, que se ratifica nas manifestacións feitas no seu escrito de alegacións (antecedente de feito **DÉCIMO SÉTIMO**). Xunta fotocopias dos documentos seguintes:

- escritura de compravenda outorgada coa data do 17 de maio de 1952.
- escritura de compravenda con pacto de retro, previa segregación, outorgada coa data do 24 de xuño de 1962.
- escritura de retrovenda outorgada coa data do 22 de decembro de 1962.
- escritura de compravenda outorgada coa data do 26 de marzo de 1969.
- liquidación de sociedade de gananciais, partición de herdanza e doazón, outorgada coa data do 25 de marzo de 1977.

**TRIXÉSIMO:** Coa data do 12 de novembro de 1999 (registro de entrada número 1999/197), recibíuse escrito asinado por **DON ANTONIO GÓMEZ RIGUEIRA** (alcalde do

concello de **ALFOZ**), que se ratifica no manifestado no seu escrito do 15 de abril de 1999 (antecedente de feito **DÉCIMO SEXTO**) e que informa desfavorablemente á clasificación como veciñais en man común dos montes «**MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**».

**TRIXÉSIMO PRIMEIRO:** No expediente de investigación previa (carpeta-ficha), figura a comparecencia feita por unha representación veciñal coa data do 29 de xullo de 1977, na que manifestaron que os montes chamados «**MONTE MAIOR e COSTA DA RIBEIRA**», desde tempo inmemorial estiveron na posesión do común de veciños da parroquia que os aproveitou sempre mancomunadamente para pastoreo, rozas de mato e cavadas para sembra. Estes montes foron partidos cara o ano 1956 en partes iguais entre tódolos veciños da parroquia.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- A parcela «**COSTA DA RIBEIRA**», a ubicada ó noroeste do lugar de **RUBEIRO**, a ubicada ó norte do lugar de **OUTEIRO** e a ubicada ó norte do lugar de **BUSTELO** lindando coas parroquias da **LAGOA e OIRAS**, teñen aproveitamentos individualizados, polo que non revisten o carácter de veciñais en man común conforme ó disposto no artigo 1 da citada Lei.

Na parcela «**MONTE MAIOR**» hai que distinguir dúas zonas:

- a ubicada ó noroeste entre o lugar de **GILFONSO** e o río Pereiro, coñecida polo nome «**DE GILFONSO ou CABALAR**», cunha superficie aproximada de 229 hectáreas, está sen partir e ten aproveitamento mancomunado polo que reviste o carácter de veciñal en man común, cumprindo os requisitos do artigo 1 da devandita Lei,

- o resto está dividido entre os veciños desde finais dos anos cincuenta, chegando a realizarse vendas dalgúns predios e inscribindo outros no Rexistro da Propiedade. Están todos debidamente amolloadas e cada veciño sabe cales son os seus respetando a propiedade dos demais, aínda que o único beneficio que lles reporta na actualidade é o pastoreo que se fai libremente. Non reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da Lei á que se fai referencia con anterioridade.

A zona do concello de **ABADÍN** que aparece incluída no perímetro do expediente de investigación previa (carpeta-ficha), nunca foi aproveitada polos veciños da parroquia do **PEREIRO** e así o recoñecen, polo que nun principio segregase do croquis.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome:                    **«DE GILFONSO ou CABALAR».**  
Pertenza:                veciños da parroquia do Pereiro.  
Concello:                Alfoz.  
Superficie:             229 hectáreas.

**Estremas e descripción do perímetro:**

**Norte:** comezando no lugar chamado Carballo da Veiga Rubia, segue por Penas do Campo da Cruz Derriba, atravesando a estrada Ferreira-Abadín chega ata a Fonte de Gilfonso. **Leste:** desde a Fonte de Gilfonso, segue por Laxes de Gilfonso, Penas ou Pasos do Cabradoiro e chega ata o Porto da Moradoira. **Sur:** lindando co monte parcelado dos veciños desta parroquia do Pereiro, desde o Porto da Moradoira, por Pena Abaladora, atravesando a estrada Ferreira-Abadín chega ata o río Pedrido. **Oeste:** lindando co río Pedrido ata o lugar de comezo chamado Carballo da Veiga Rubia.


Sobre este monte existe unha carga ou gravame que aparece recollida no **FALLO** da sentenza número 253 dictada pola Sala Primeira do Civil da Audiencia Territorial da Coruña, coa data do vintecinco de outubro de mil novecentos sesenta e cinco, que literalmente no seu punto **SEGUNDO** di o seguinte: **«Que los MONTES DE LA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE PEREIRO, del MUNICIPIO DE ALFOZ; que se comprenden dentro del perímetro delimitado en el hecho cuarto de la demanda, pertenecen en propiedad a los VECINOS de la dicha parroquia, con la sola limitación a favor de los demandados de los aprovechamientos de los esquilmos que produzcan, mientras no se acuerde legalmente otra cosa».**



*[Handwritten signatures and scribbles in blue ink, including a large signature above a horizontal line and another signature below it.]*



**CONCELLO  
DE  
ALFOZ  
(LUGO)**



Ilmo. Señor:

Recibiuse nesta Alcaldía fotocopia <sup>n.º</sup>computada da resolución dese Xurado Provincial recaída na sesión de 14 de decembro de 1999, verbo do expediente 1/1999, monte de Guilfonso ou Cabalar.

Entende esta Alcaldía, dentro das súas limitacións, que o seu contido é correcto, polo que non estima de razón a interposición de recurso algún contra a mesma.

Sen embargo, varios veciños afectados mostráronme a súa inquedaanza, non pola descripción e lindeiros do monte catalogado, que consideran axeitados, senón polo plano topográfico que figura no expediente, e que cren non se axusta, exactamente, á realidade.

A modesto xuício do asinante, esta discrepancia poderíase deber a que no plano que o Xurado incorporou ó expediente, pola súa escala, non se pode apreciar tan puntualmente o perímetro do monte como no que, no seu día, aportaron os veciños (escala 1/10.000).

Por iso, e aínda na convicción de que os planos son sensiblemente iguais, entende o que subscribe que, para tranquilidade dos afectados, sería bo que por ese Xurado se incorporase ó expediente, como documento oficial, o levantamento topográfico feito por GECOISA a petición dos veciños de O Pereiro, e do que se achega un exemplar.


En Alfoz, a 20 de febreiro de 2000.-



*[Handwritten signature]*  
Asdo.- Antonio Gómez Rigueira  
Alcalde


**ILMO. SR. DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE- PRESIDENTE  
DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN**

**LUGO**



Término Municipal de Abadín


 COTEJADO E CONFORME  
 O XEFE DE NEGOCIADO ADMINISTRATIVO,  
  
 Asdo.: Pedro Pardo Pérez

MODIFICACION		FECHA	NOMBRE	AUTORES DEL PROYECTO:	 GECOISA <small>Consulting and Engineering</small> Ribadeo, 2 Entlo- 27002 LUGO Telf: 982-227889-Fax: 982-243411	PETICIONARIO:	ESCALAS:	TITULO:	DESIGNACION PLANO:	CODIGO:
SUSTITUYE A:		DIBUJADO	Junio-98			VECNOS DE PEREIRO	1:10.000	LEVANTAMIENTO TOPOGRAFICO DEL MONTE DE LOS VECINOS DE PEREIRO	LEVANTAMIENTO TOPOGRAFICO	9804400C
SUSTITUYE POR:		COMPROBADO								HOJA PLANO N.
FECHA:		APROBADO								

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **11.3.2024**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Gilfonso ou Cabalar** (exp. 1/99), pertencente aos veciños da parroquia do Pereiro, no concello de **Alfoz**.

O 21.9.2022 tivo entrada unha solicitude da comunidade do Pereiro para que se proceda á revisión do esbozo do seu monte veciñal conforme á proposta que achegan.

O 13.12.2023, o Servizo de Montes elaborou unha proposta co novo esbozo (**2022\_99**), na que se recolle que a superficie do monte **Gilfonso ou Cabalar** pasa a ser de **249,74 hectáreas**.

Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal



Asinado por: GONZALEZ FERNANDEZ, MANUEL  
Cargo: Xefe Servizo  
Data e hora: 13/12/2023 16:24:36

Asinado por: GARCIA BUJ, NURIA  
Cargo: Posio Base Subgrupo A1  
Data e hora: 13/12/2023 15:01:33

CVE: c0yuk8X7DEY1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes	
Plano de: <b>Revisión de esbozo do MVMC de Gilfonso ou Cabalar (exp. 1/99)</b> <small>Carpeta 2022_99</small>		Monte: Pertenza: Concello: Sup. previa: Sup. revisada:	MVMC de Gilfonso ou Cabalar CMVMC do Pereiro Alfoz 229 ha 249,74 ha
Escala: 1:12.000	PLANO 2: MONTE REVISADO	Visto e prace O xefe do Servizo de Montes	Lugo, na data da sinatura electrónica A enxeñeira de montes
		Manuel González Fernández	Nuria García Buj